

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 26 DE ABRIL DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:04 horas do día 26 de abril de 2012, baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiron os/as concelleiros/as: don Iván Puentes Rivera e don José Antonio López Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese, tras dar a benvinda á nova secretaria e saudar aos traballadores de Navantia e mariscadores pechados no pleno, ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**PUNTO PRIMEIRO.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DO ASUNTO INCLuíDO NA ORDE DO DÍA**

O alcalde expón a motivación da convocatoria urxente tal e como se recolle na convocatoria, isto é, pola crise que está a sufrir o sector naval e concretamente os estaleiros de Navantia, motivo polo que os concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal pretenden realizar unha declaración institucional que poña de manifesto unha acción conxunta que veña a traballar polo futuro dos estaleiros. Engade que os alcaldes convocantes decidiron tamén facer as convocatorias plenarias con carácter extraordinaria urxente e que o asunto foi ditaminado favorablemente o pasado mércores na respectiva comisión.

**Sometida a urxencia a votación a mesma foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

**PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA**

O alcalde dá lectura á declaración institucional que foi ditaminada favorablemente por 6 votos a favor, 3 do grupo do PP, 2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, e 1 voto en contra do grupo do BNG, do seguinte teor literal:

**<<<<DECLARACION INSTITUCIONAL EN APOIO O FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RIA DE FERROL**

A grave situación do sector naval na ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas.

A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inquedaanza con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiranse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

As vinte e unha Corporacións Municipais que refrendamos esta declaración institucional advertimos de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións supoñen unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciable para todos nos. Máis aínda cando nestes momentos o número de parados en Ferrolterra, Eume e Ortegal supera por primeira vez a cifra das 20.000 persoas.

Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten un dos seus eixos no naval público, os Concellos que subscribimos esta declaración nunca nos resignaremos a contemplar o desmantelamento e a morte por inanición dos estaleiros de Navantia na Ría Ferrolá.

Os representantes públicos municipais de Ferrolterra, Eume e Ortegal apostamos con esta acción conxunta por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro das nosas comarcas. Para elo, fronte á difícil situación do naval, os Concellos abaixo asinantes reclamamos con urxencia os seguintes puntos:

1- Manter unha reunión do presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), cos Comités de Empresa de Navantia Fene - Ferrol, conxuntamente coa presenza de representantes públicos municipais e axentes sociais e económicos das comarcas de Ferrolterra-Eume-Ortegal.

2- A construción do dique flotante e a reactivación da xestión comercial co obxectivo de conseguir novos contratos que garantan carga de traballo para os estaleiros da ría ferrolá, que é a verdadeira preocupación dos nosos veciños.

3- Negociación do Plan Industrial para Navantia, comprometido e asinado por SEPI.

4- Levantamento de todas as limitacións, impostas por Bruselas, á Construción Naval Civil a Navantia.

5- O nomeamento da nova presidencia de Navantia.

6- Instar ás organizacións políticas a buscar o cumprimento e seguimento destes obxectivos.>>

Pide a palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín e, unha vez concedida pola presidencia, que pide dar lectura, antes de que se inicie o debate, a unha emenda que está presentada no rexistro sobre a parte resolutiva da declaración, xa que coa parte expositiva están de acordo, A emenda que propón recolle como parte resolutiva:

1.- Esixir unha entrevista urxente co presidente da SEPI conxuntamente cos representantes sociais, políticos e económicos de Ferrol, Eume e Ortegal.

2.1.- Demandar do goberno do Estado a consignación necesaria dentro dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 para a construción do dique flotante a realizar por Navantia Ferrol-Fene.

2.2.- Desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción das capacidades e competitividade de Navantia e sinaladamente dos estaleiros da ría de Ferrol buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo.

2.3.- O inicio inmediato de negociacións na Unión Europea para conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol

3.1.- Demandar do goberno galego que en cumprimento da proposición non de lei aprobada por unanimidade no parlamento galego o pasado 29 de febreiro se presente o proxecto de centro de reparacións navais na ría de Ferrol comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como “contrato con Ferrol”.

3.2.-Dar cumprimento efectivo á Lei 4/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia ,nomeadamente do seu artigo 4 para o cal deberá presentar no parlamento galego unha proposta concreta.

4.-Demandar das organizacións políticas, nomeadamente das que teñan responsabilidade de goberno, o cumprimento íntegro e inmediato das demandas da comarca respecto do sector naval, nomeadamente os asumidos por unanimidade no parlamento galego.

O voceiro explica como motivación da presentación da emenda o feito de que con ela se esixe e demanda dos gobernos autonómico e estatal o cumprimento dos acordos, xa que entende estamos nun momento de

cumprir acordos e non de reproducir unha serie de propostas que se levan debatido no pleno municipal deste concello e doutros da comarca, pero que non se concretaron en medidas concretas.

Considera a proposta do BNG como a de maior consenso político porque se basea no acordado no Parlamento de Galicia fai menos de dous meses e que o naval é fundamental e se atopa nun punto de non retorno, polo que é o momento de compromisos e non de resolucións políticas que se ocultan tras unha falsa unanimidade, carentes de compromisos.

Continúa dicindo que non queren participar nunha cerimonia de confusión nin nunha foto ou estar tras dunha pancarta para ao día seguinte non cumprir, como se fixo o pasado 6 de novembro nunha manifestación unitaria, na que estaban todas as forzas políticas da comarca e onde o partido popular se comprometeu co dique flotante e, sen embargo, a finais de ano, nos orzamentos da Xunta, non aparecía nin un euro para el.

Di que hoxe se está a debatir en Madrid os orzamentos xerais do Estado e non hai un euro para o dique flotante, unha mostra máis da falta de compromiso do Estado, polo que inexorablemente hai que pasar aos compromisos e non volver a defraudar a esta comarca, motivo polo que o BNG non pode aceptar esta proposta porque o único que pretende é estender unha cortiña de fume.

Remata a súa exposición pedindo o apoio á emenda.

Toma a palabra o alcalde dicindo que o que ten que dar apoio á emenda é el como ponente da proposta e que a emenda puido ser presentada na comisión informativa de onte, pero que non o foi ata o día de hoxe no rexistro de entrada, polo que nin sequera chegou ao sitio administrativo a onde tería que haber chegado; inda así, non sería traba para que se discutise.

En aplicación do regulamento orgánico municipal, como ponente rexeita a emenda, xa que a declaración que se propón é a apoiada polos 21 alcaldes da comarca nunha reunión celebrada en Ferrol, ademais de que foi emendada polos comités de empresa de Navantia-Fene e Navantia-Ferrol.

Tras pedir o voceiro do BNG que se vote a emenda e ser rexeitado polo alcalde por non estar permitido polo regulamento orgánico municipal, toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo quen di que estamos ante un momento trascendente, nun punto de non retorno, no que se está xogando co futuro dos estaleiros da ría de Ferrol, xa que hai unha carga de traballo que está absolutamente en mínimos e as perspectivas de negocio non atoparon unha situación peor. Entenden, por tanto, que están nun momento crítico que esixe a maior responsabilidade por parte de todos.

Considera que a situación actual dos estaleiros probablemente deveña de responsabilidades compartidas e que non é ético nin responsable chegar aquí a dicir o ben que o fixeron uns e o mal que o fixeron outros. Non culpa desta situación a ningunha das forzas políticas representadas en Fene, inda que, non obstante, a maioría destas organizacións tiveron representación no Goberno de España ou na Xunta de Galicia e, por tanto, tiveron ocasións de mellorar a situación dos estaleiros, o que non foi acadado, ben pola coxuntura que se deu ou porque non se acertou de todo.

Continúa dicindo que, igual que entende como compartidas as responsabilidades de chegar ata esta situación, tamén considera que deben ser compartidas as responsabilidades para saír da situación e que se debe buscar o máximo de complicidades, xa que non entenden a saída desta situación sen que se sumen as forzas sindicais, organizacións sociais, partidos políticos e todas as institucións alomenos da bisbarra, para así tentar implicar ás institucións con competencias a nivel estatal e autonómico e así tratar de darlle unha saída a situación actual.

Di que valoran a proposta que se fai dende a presidencia, na medida en que é unha proposta que se está trasladando ao conxunto dos concellos de Ferrolterra, Eume e Ortegá, que se debatiu polas diferentes forzas sindicais e que se traslada como un elemento de consenso, pero engade que a súa perspectiva ten que matizarse na medida en que coñecen que outra forza política ten algunha discrepancia respecto do texto inicial.

Entenden que calquera forza política lexitimamente poida defender os seus posicionamentos políticos e máis cando unha boa parte son posicionamentos compartidos por todas as forzas políticas do arco parlamentario galego e, nese senso, pode haber moitos dos puntos da proposta do BNG que lles parecen

pertinentes, pero consideran que cando se quere facer un acordo implicando a tantas organizacións precisa esforzos de xenerosidade por todas as partes e que, á marxe de manter a posición de defensa da declaración institucional e de que esta una a todos, o PSOE non quere rehuir o debate, xa que as discrepancias plantexadas merecen unha resposta, inda que as formas institucionais non sexan as correctas,

Entrando na proposta do BNG, di que o PSOE coincide coa meirande parte dos puntos, que matiza e enriquece o documento inicial, e que, naquelo que plantexa dos acordos asumidos no parlamento galego, o PSOE non pode máis que estar no sitio onde xa estivo o grupo parlamentario socialista cando apoiou diversas propostas no seo desa cámara, polo que só un ou dous dos puntos esbozados na proposta do BNG poderían ser obxecto de debate ou matización por parte do grupo municipal socialista.

Continúa dicindo que algunhas das matizacións que se fan, como que se debería concretar cando se deben consignar orzamentariamente asignacións para o dique flotante, que é preciso unha intensa actividade comercial que hai que desenvolver inda máis alá dos esforzos actuais, ou o carácter inmediato que se lle quere dar ás negociacións coa UE, as consideran pertinentes pero que, inda así, a posición do grupo municipal socialista neste pleno vai ser manterse no acordo da declaración institucional entendendo que é un marco que pode unir a todos e, facendo unha chamada á xenerosidade de todos, para que ese punto de encontro se poida dar.

Cre que con este apoio as pretensións de Ferrolterra, que si están no seu carácter básico recollidas na declaración, poden chegar con toda a forza do pulo das institucións, dos partidos políticos e dos colectivos sociais.

Non obstante, di que manteñen aberta a súa posición a que os puntos que plantexa o BNG poidan ser reunidos nun documento fóra do debate de hoxe e do marco de consenso de todos os concellos, xa que o PSOE estaría encantado de debatilos co BNG no marco específico de Fene, ao estar de acordo con eles na súa meirande parte.

Toma a palabra o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, trala súa concesión pola alcaldía, que quere explicar algunhas cuestións da proposta que se trae para a súa aprobación polo pleno.

Di que esta proposta foi feita nas escaleiras do Concello de Ferrol no pasado mes de abril, que veu do Alcalde de Ferrol, ao cal lle mandou esta emenda un alcalde do BNG, xa que esta non é unha emenda do Concello de Fene, senón que a fixo o BNG a través dun dos seus representantes nesa xuntanza ao Alcalde de Ferrol, e que foi contestada con outra declaración na que non se recollía absolutamente nada do que se indicaba, que era basicamente obter compromisos respecto dos mesmos puntos que se plantexaban.

Reitera que este é o momento dos compromisos, que hoxe hai un debate dos orzamentos no Congreso dos Deputados e non hai un euro para o dique flotante, polo que é o momento de demandar os acordos e non de traer un relatorio de cuestións importantes pero nas que non hai ningún compromiso político, xa que, por exemplo, dise a importancia e pídese o dique flotante, pero non se lle pide a ninguén; dise que hai que levantar o veto da UE ao sector naval da ría, como se o problema real non fora facer esa xestión e demandarlle ao ministro de turno e ao presidente de turno, Mariano Rajoy; e respecto do último punto, instar ás organizacións políticas a buscar o cumprimento e seguimento destes obxectivos, parece que plantexa que o problema é que as organizacións políticas non se comprometen, cando si o fan só que unhas máis que outras, xa que unhas poñen a palabra compromiso sobre o texto e outras falan en abstracto, en terceira persoa, coma se estiveramos ante un problema de non se sabe quen.

Continúa dicindo que isto é unha cuestión política que se ten que decidir con orzamento, xestión e actividade, motivo polo que o seu grupo non pode apoiar este manifesto, xa que non se compromete, é de cartón-pluma e non é leal co que marca, senón un manifesto da cerimonia da confusión e que vai levar a Fene e a esta comarca a máis do mesmo: menos emprego, máis depresión, a que non exista nin empresa principal nin empresas auxiliares.

O BNG o que quere é que se fagan máis barcos, que se poidan facer reparacións, que se poidan cumprir os compromisos que hai sobre o centro de reparacións e reconstrución naval civil de todo tipo, porque dende o militar hai pouco percorrido e hai que ir a outro tipo de mercado; pero para iso hai que levantar o veto, pelexar e traballar nos distintos mercados internacionais e non irse a México a dicir que se negociou

non se sabe que cunha petrolera mexicana, que ao final non é moi verdade e que é ademais para a ría de Vigo.

Polo tanto, considera que se está a enganar e o BNG non vai pasar por outra tomadura de pelo, porque hai moita xente na comarca, unhas 20.000 familias que se quedan sen traballo, sen recursos, e cada vez máis, e, inda por riba, cunha poboación en decremento,

Anuncia o voto en contra porque apoiar o manifesto sería traicionar á comarca e aos traballadores e di que non é certo que este sexa un acordo unánime, senón que é un acordo do PP que non sabe se foi negociado con algún alcalde socialista, pero non cos tres alcaldes do BNG, así como tampouco houbo negociación mediante xuntanza co Comité de Empresa de Navantía, inda que podería haber algún comentario.

Engade que para o BNG o sector naval da ría é máis importante que a factoría, xa que é un problema socioeconómico que trascende ao comité, aos traballadores e traballadoras; é un problema de toda a comarca, de todos os sectores productivos, de todos nós.

Di que eles non faláron co Alcalde de Ferrol, que non houbo unha negociación, senón unha proposta e que aí se pechou, sendo, polo tanto, o PP, o que rompe a unidade, a pesar de que se manifestou con todos en Ferrol e que apoiou uns acordos sobre os que hoxe hai fume e un manifesto institucional.

A falta de unidade tamén se amosa en que non todos van a apoiar este manifesto, como é o caso de San Sadurniño, onde se vai aprobar a proposta do BNG porque é o manifesto que está aprobado no parlamento galego por todas as forzas políticas.

Remata a súa intervención dicindo que se acusa ao BNG de presentar a última hora esta emenda, pero é tan a última hora como o foi a convocatoria deste pleno, que se fixo así porque non había marxe de manobra por parte do PP de Fene para modificar este acordo, porque se a houbera, o venres pasado o PP e o Alcalde de Ferrol terían feito unha modificación, terían chamado ao BNG, PSOE e EU para sentarse e chegar a un punto de acordo.

Toma a palabra o alcalde para dicirlle ao voceiro do BNG que el asistiu a unha reunión no Concello de Ferrol onde estaban 21 alcaldes, entre eles o Alcalde de San Sadurniño e o de Mugarbos, e desa reunión sacáronse os puntos que aparecen na declaración institucional. Respecto da convocatoria extraordinaria urxente, engade que foi acordado polos alcaldes facer os plenos con este carácter en todos os concellos para darlle máis importancia e relevancia e non levar o asunto na orde do día dos plenos ordinarios.

Toma a palabra a voceira do grupo mixto, unha vez concedida pola alcaldía, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen di que o seu grupo coincide nalgúns puntos coa emenda do BNG e tamén coinciden en considerar que, dende o momento en que se sabía que se ía convocar este pleno, se bota en falta que non houbera unha reunión cos grupos políticos para debatir con calma os puntos do manifesto que interesaba meter. Cre que estes puntos podían ser máis axustados, unha vez vista a emenda do BNG, xa que esta é máis concreta fronte á declaración que é máis abstracta.

Considera que o importante non era celebrar un pleno en moitos concellos porque así é máis rimbombante, senón unha declaración ben consensuada, a cal debería haber sido feita elaborando primeiro un borrador entre grupos políticos, sindicatos e traballadores en Fene, para despois consensualo co resto dos concellos.

Bota en falta cousas na declaración institucional, algunhas apuntadas na emenda do BNG, emenda coa que está de acordo, agás nun punto. Está de acordo con que, para que esta declaración teña un resultado, porque aquí se teñen presentado máis de 50 mocións dende a reconversión naval e acabaron todas nun caixón, fai falta compromiso, que empeza porque nos orzamentos que se debaten hoxe haxa cartos para Ferrol, para o dique flotante, para o sector naval, para o marisqueo; cartos para a comarca de Ferrol, que está morrendo sen que ninguén faga nada.

Continúa dicindo que é certo que o día 6 de novembro estabamos todos na manifestación, pero ese día aínda gobernaba o PSOE e, a partir do cambio de goberno quizais é máis difícil esixir.

Respecto da emenda ponse á disposición do BNG por se se quere debatir, pero en principio anuncia o voto a favor da declaración institucional porque é o que piden os comités de empresa e traballadores, inda

que boten de menos que non estea consensuada doutra maneira e máis concreta e esixente á hora de buscar unha solución á comarca.

Toma, unha vez concedida pola alcaldía, a palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío A. Bértoa Puente, quen di que non pon en dúbida que as 17 persoas que están aquí representando ao pobo de Fene están de acordo en bastantes liñas e que o principal é que volva a carga de traballo para Navantia-Fene e Navantia-Ferrol, xa que, que teña traballo, vai afectar á comarca e ao país.

Fan súas as palabras do manifestado polo grupo socialista en canto ao sentido do que hoxe se trae aquí: que é que os 21 concellos afectados manifesten unhas ideas claras sobre o que ten que facerse.

Di que non esquecen os acordos tomados no Parlamento de Galicia, que todos debemos esixir, pero non é iso o que se trae aquí e propón, dende o goberno de Fene, ao BNG que, se o ten a ben, se convoque un pleno extraordinario para debatir todos os puntos que plantexa na súa emenda, anunciando o voto a favor do PP de Fene, pero, a pesar das responsabilidades nas que incorreron diversos gobernos, cre que o importante é estar unidos e que todos remen na mesma dirección.

Pensa que esta declaración ten un compromiso desta Corporacións e as dos concellos veciños e, con independencia dos acordos tomados no parlamento galego que todos teñen que adoptar, pide ao BNG que se sume a esta declaración.

Solicita unha nova intervención o voceiro do BNG quen, unha vez concedida, di que a situación é surrealista porque se considera que a emenda é maravillosa pero se pide que se traia outro día.

Cre que se está perdendo unha oportunidade, xa que a emenda foi rexeitada, para introducir compromisos, concrecións e solucións.

Considera que houbo un veto por parte do PP á proposta do BNG presentada na reunión que houbo en Ferrol e da que xurdiu a declaración, para que así non houbera compromisos nin demandas claras a Feijoo e Rajoy.

Di que o 23 de marzo de hai dous anos foi aprobada aquí unha proposta a favor da mobilización do naval, apoiouse a iniciativa lexislativa popular do sector naval, déuselle “caña” sen piedade ao PSOE dende o BNG no semestre de presidencia europea polos compromisos que adquiría Zapatero no congreso e que despois non cumpría e o grupo municipal do PP apoiou ao BNG nunha moción o 1 de xullo; agora o BNG vai seguir na mesma liña, reconducíndolle a Rajoy o que se lle dicía a Zapatero, porque o problema segue a ser a falta de compromiso.

Considera que é grave a posición do PP porque hai 5 meses estaban na manifestación, dicindo que si ao dique flotante e botándolle toda a responsabilidade ao partido socialista e agora, que había a oportunidade de facer compromisos concretos nos orzamentos do Estado, non o fan, así como tampouco en decembro na Xunta; pero si son capaces de meter 700 millóns de euros para o AVE, os cales non van ser adxudicados na súa totalidade, por iso, di, non se pon diñeiro para aquí, porque o dique flotante si se pode facer.

Remata a súa intervención reiterando que non comparten este tipo de manifesto, que afirma saber que non está consensuado e que a súa proposta representa maior unanimidade porque foi aprobada no Parlamento por PP, PSOE e BNG no mes de febreiro e di estar seguro de que esta demanda ao goberno do Estado sería apoiada pola sociedade comarcal.

O alcalde dá a palabra ao voceiro do grupo socialista quen di que entenden os argumentos expostos, xa que hai procesos que non raian a perfección e quizais a elaboración deste documento foi acelerada para todo o consenso que pretende acadar, non obstante, ante a situación na que estamos, fai unha chamada á reflexión porque considera que se todos apoian o documento será un paso máis importante que se só o apoian uns poucos.

Cre que o documento é mellorable, que se podería concretar moito máis e mesmo incorporar elementos que non están recollidos na emenda do BNG, pero é o documento que hai hoxe e debe servir para sentar un pilar co que unir ás institucións e representantes políticos e sociais.

Remata a súa intervención dicindo que o PSOE considera que este é un paso cara diante, que hai que dar e que seguramente non será o único, polo que as ausencias do texto non lles vai facer cambiar de opinión, xa que queda camiño para andar no que haberá espazo para facer concrecións que si son necesarias.

O alcalde dá a palabra á voceira do grupo mixto quen di que considera que todos están de acordo en que o que hai é que buscar carga de traballo para a comarca; inda que as cousas se fixeran ás présas e o documento pudiera ser máis preciso,

Considera que o que habería que facer é unha labor de consenso entre os catro grupos políticos para buscar solucións firmes, propostas concretas, para esixir ao goberno de forma seria o seu cumprimento, plamándoo nun documento conxunto.

Toma a palabra a voceira do grupo popular, unha vez concedida pola alcaldía, quen lle di ao grupo do BNG que non se avergonzan de ser do PP, que eles coñecen ao alcalde e a súa forma de actuar porque compartiron traballo con el durante os catro anos da lexislatura anterior e que este equipo de goberno nunca vai actuar contra a comarca, procurando loitar por todo aquilo que lle sexa bo, máxime nun tema co que sempre estiveron de acordo con independencia de quen governe.

Remata dicindo que queren ter en conta este momento económico tan malo que se vive no país e que van pelexar para que esta comarca non volva sufrir a sequía da falta de carga de traballo.

Solicita un turno por alusións o voceiro do BNG e, unha vez concedido pola alcaldía, di que, ante as alusións ao BNG por parte de todos os grupos, eles, en todo caso, o que piden é que recapacite o alcalde como propoñente e o PP. Cre que non queda tanto camiño por percorrer, xa que se levan 30 anos de destrución no naval e en xuño iranse de vacacións moitos traballadores e traballadoras que en xullo e agosto non van ter traballo.

Consideran que este non é o momento do consenso, senón do compromiso, sen que o haxa.

Cre que se o PP tivera interese, o dique flotante podería estar orzamentado e en xullo ou agosto en planos.

Rematados os turnos de intervención, toma a palabra o alcalde que quere dicir, para que conste en acta, coa pretensión de enviala xunto coa declaración e así sexa coñecido en Madrid, que esta comarca sufriu unha primeira reconversión industrial que foi salvaxe, cercenouse unha empresa que foi punteira na construción naval na comarca e en todo o mundo e que tiña capacidade tecnolóxica para competir no mercado. Posteriormente, coa segunda reconversión, esta empresa, que estaba xa afincada noutro mercado e entrando xa no que lle chaman números negros, isto é, beneficios, veu a súa actividade cercenada e ampliado o veto. Considera que agora non deben ser os que paguen o que parece albiscarse como unha terceira reconversión, agardando que non sexa así e anunciando que, en todo caso, as forzas políticas loitarán fronte a iso dende aquí, xa que ningún traballador de España merece pagalo, pero moito menos a comarca de Ferrol.

Apelando aos resultados positivos dos estaleiros da ría, cre que as negociacións comerciais que se levan adiante para acadar carga de traballo e solventala momentaneamente cun dique flotante, engadindo así un punto máis de traballo para acceder a outros mercados, é unha reivindicación xusta e lexítima que instarán para apoiála en todo momento.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, 6 do grupo do PP, 3 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, con 5 votos en contra do grupo do BNG.**

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 18:56 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

DILIXENZA: Póñoa eu, secretaria, para dar fe de que a preseten acta foi aprobada en sesión plenaria de 7.6.2012.

A secretaria